



Concello de Palas de Rei

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2020/2	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	20 de febreiro de 2020
Duración	Desde as 14:00 ata as 14:20 horas
Lugar	Dependencias Municipales
Presidida por	PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA
Secretario	Celestino Amigo Liñares

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33547519H	ALBA VILLASANTE TORRES	SÍ
33553158E	ANA MARIA CORREDOIRA VAZQUEZ	SÍ
32441374N	Amando Sande Agra	NON
33206921G	Fernando Alfredo Pensado Barbeira	SÍ
33302245Q	Horacio Rouco Ferro	SÍ
33305102K	José Ramón García Vázquez	SÍ
33318023Q	José Ramón López Bruzos	NON

Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 Lugo. Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: 43ND5CC9MNTLL9KLCGWWGZ39 | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 11



Concello de Palas de Rei

33309657E	José Sabino Prieto Vázquez	SÍ
33334372N	María Aurora Vila Agra	NON
33327704Z	PABLO JOSE TABOADA CAMOIRA	SÍ
76583823X	Rodrigo Gonzalez Penas	SÍ

Escusas de asistencia presentadas:

1. Amando Sande Agra:

«Ausencia por viaxe»

1. José Ramón López Bruzos:

«por cuestións laborais»

1. María Aurora Vila Agra:

«por asuntos persoais»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobacións das actas das sesións anteriores

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

De conformidade co previsto no artigo 91.1 do RD 2586/1986, de 26 de novembro (ROF) pregunta o Presidente se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás actas das sesións Sesión ordinaria do 27 de decembro de 2019 e a Extraordinaria urxente de 30 de xaneiro de 2020. Non se formulan observacións, polo que a mesma considérase aprobada por unanimidade.

Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 Lugo. Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: 43ND5CC9MN7LL9KLCGWWGZ39 | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 11



Concello de Palas de Rei

MOCIÓNS PRESENTADAS

Moción para instalación dun grupo electróxico no PAC de Palas de Rei.

O Portavoz do grupo municipal socialista, Horacio Rouco Ferro, procede a expoñer o contido da Moción expresada, do seguinte teor literal:





Concello de Palas de Rei



GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
PALAS DE REI

diagnóstico que resolvan trastornos ou alteracións da saúde, e eviten a derivación hospitalaria non xustificada, tamén debe dispoñer dun suministro eléctrico permanente mediante un grupo electrógeno.

Por todo o anterior, sométese á votación do Pleno o seguinte acordo:

MOCIÓN

- 1.- Reclamar ao SERGAS (Consellería de Sanidade), que instale no PAC de Palas de Rei un grupo electrógeno de maneira urxente.
- 2.- Que se contemplen as partidas orzamentarias para que o Centro de Saúde e especialmente onde hai PAC, dispoña de grupo electrógeno para suplir os cortes de enerxía eléctrica.

Palas de Rei, 3 de xaneiro de 2020

O Portavoz

Horacio Rouco Ferro

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PALAS DE REI

COPIA AUTÉNTICA
Sello de Organo de Secretaría Data: 07/01/2020



Cod. Validación: BENN05L24RRYANQ22A92SC6X | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2



Cod. Validación: 43ND5CC9MN7LL9KLCGWVGZ39 | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 11

Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 Lugo. Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Concello de Palas de Rei

O Portavoz do PP, Fernando Pensado, expresa a súa esperanza de que impere o sentido común. Antes de presentar esta Moción sería preciso coñecer os feitos. Se falla a luz nun hospital é un grave problema, pero non é o caso de Palas e sen dúbida non houbo boa información. En Palas existe un xerador de corrente eléctrica; pero ese día, excepcionalmente, fallou todo.: a auga, o bombeo, o xerador, etc. Afirma que no sentido do pobo todo o que se fale do noso Centro nun con tintes ideolóxicos prexudícanos. Repite que existe un xerador e incluso se realizaron unha serie de melloras. O mais importante e que temos o PAC, pero hai xente que non quere que o PAC estea en Palas e que preferirían que o trasladaran a outro sitio. En canto á Moción, solicita que o grupo socialista a retire, porque o grupo do PP non vai votar a favor para pedir o que xa temos. Suxire que calquera Moción que afecte ao Centro de Saúde sexa consensuada previamente e ofrece toda a información posible.

O Sr. Rouco manifesta que se a información non é boa, descoñéceo.

O Alcalde afirma que resulta evidente o común acordo dos membros da Corporación en que exista un xerador, pero resulta que xa está instalado; incluso hai dous e proximamente instalárase un mecanismo de rearme. Repite que a situación foi tan extrema que non había nin gasolina porque non funcionaban os mecanismos para a subministración e houbo que dosificala.

Os distintos grupos reiteran os argumentos anteriormente resumidos.

O Presidente somete a votación a Moción anteriormente transcrita, co seguinte resultado:

Votos a favor: 3 (PSOE)

Votos en contra: 5 (PP)

Abstencións: 0

Consecuentemente, o Presidente declara desbotada a Moción por maioría dos asistentes.

Mocións presentadas

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 3, En contra: 4 Abstencións: 0, Ausentes: 0

Moción sobre reposición dunha praza de médico de familia

O Portavoz do grupo municipal socialista, Horacio Rouco Ferro, procede a expoñer o contido da Moción expresada, do seguinte teor literal:

Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 Lugo. Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: 43ND5CC9MNTL19KLCGWWGZ39 | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 11



Concello de Palas de Rei



GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
PALAS DE REI

PALAS DE REI
REGISTRO ENTRADA
2020-E-RC-230
23/01/2020 13:38



Horacio Rouco Ferro, concelleiro/portavoz do Grupo Municipal Socialista no concello de Palas de Rei, ao amparo do disposto no artigo 97.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2569/86 do 28 de novembro, presenta a seguinte moción para ser debatida no próximo pleno ordinario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Dende que se publicou o **RD de estruturas básicas da saúde (RD 137/84 do 11 de xaneiro)**, é dicir, hai 35 anos, esta normativa propiciou que se fose implantando en España un novo modelo de atención primaria da saúde, baseado nos principios **aprobados pola Organización Mundial da Saúde (OMS)**, despois da **Conferencia Internacional de Atención Primaria de Saúde**, da que saíu a **Declaración ALMA-ATA**.

Este modelo esta fundamentado no traballo en equipo multidisciplinar e interdisciplinar, no cal o fomento e promoción da saúde, a prevención da enfermidade, a asistencia e rehabilitación que se lle presta á comunidade, é integral e integrada, permanente e continuada. Estes equipos ademais de facerse cargo do anteriormente exposto, tamén teñen entre as súas funcións: tarefas de xestión, docencia e investigación.

Polo tanto, está claro que os recursos humanos e materiais cos que contén os centros de saúde deben responder ás necesidades da poboación e as funcións a desempeñar.

En xeral en Galicia, e especialmente na zona rural, atopámonos cunha poboación envellecida, moi dispersa, dependente e con pluripatoloxías, que necesita cada vez máis atención e coidados sanitarios. É evidente que nesta situación, a redución de persoal sanitario ocasiona unha perda

Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 Lugo. Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: 43ND5CC9MNTL9KLCGWWGZ39 | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 11



Concello de Palas de Rei



GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
PALAS DE REI

notable de eficacia e calidade na atención aos cidadáns. Os profesionais denuncian reiteradamente que o tempo do que dispoñen para exercer as súas funcións é insuficiente, e que se reflicte cando reclaman como mínimo 10 minutos para levar a cabo a súa función asistencial. No centro de saúde Palas de Rei, había hasta hai uns días catro médicos de familia, e agora soamente tres, xa que un deles trasladouse a outro centro de traballo, **co conseguinte perxuízo para as veciñas e veciños de Palas de Rei.**

Por todo o anterior, sométese á votación do pleno:

MOCIÓN

1º.- Solicitalle á Xerencia do HULA a reposición da dita praza de médico de familia no centro de saúde de Palas de Rei.

2º.- Esixirlle á Consellería de Sanidade, que non recorte recursos humanos sanitarios á atención primaria en Palas de Rei, e que de ás ordes oportunas para repoñer e cubrir esta praza de médico de familia coa contratación dun profesional

Palas de Rei, 23 de xaneiro de 2020

O Portavoz

Horacio Rouco Ferro

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PALAS DE REI

Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 Lugo. Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: 43ND5CC9MNTL19KLCGWWGGZ39 | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 11



Concello de Palas de Rei

Mocións presentadas

Desfavorable

O Portavoz do PP, Fernando Pensado, manifesta que a información é sesgada. Afirma que non existe amortización de prazas; había catro e segue habendo catro. A médica que ocupa unha delas, por razóns persoais, solicitou unha comisión de servizos en outra localidade, pero a praza non se amortiza, sigue existindo. Por iso considera que a información non é adecuada. Segue dicindo que a hospitalización a domicilio é un logro de grande magnitude e que o Centro de Saúde de Palas é Centro piloto na comarca da Ulloa. Igualmente é Centro piloto en cribado de cérvix, o que significa que moitas persoas van poder facer un cribado de cancro de matriz desde o seu domicilio, no Centro de Saúde ou no Hospital que desexe. En outro orde de cousas, debe destacarse a dispoñibilidade de dous desfibriladores; un na unidade de urxencias e outro en pediatría, ao que se sumará un terceiro proximamente, como resultado das boas xestións realizadas para que suban os vehículos de urxencias ao PAC. En conclusión, a sanidade de Palas de Rei é unha das mellores da Provincia. No que atinxe ao sentido do voto, anuncia que o seu grupo no pode votar a favor, simplemente porque a praza reclamada segue existindo, os profesionais que prestan o seu servizo no Centro poden afrontar perfectamente o "cupó" e estanse a recibir outras contraprestacións. Remata a súa intervención sinalando que en realidade hai persoas ás que non lle gusta que o PAC estea en Palas de Rei.

O poñente, Horacio Rouco, aclara que desde o punto de vista persoal, como usuario, non ten mais que eloxios, pero a Moción ten sentido incluso como medida preventiva para que a praza en cuestión non chegue a ser amortizada.

(Neste momento, previa escusa, abandona o Salón de sesión o concelleiro José Ramón García)

Continúa súa disertación o Sr. Rouco, advertindo que ao mellor quere poñer a tiritas antes da ferida. Insiste en que a atención no centro é boa, pero inevitablemente a asistencia se resinte coa situación de vacancia. Así sucedeu no caso das urxencias como se pode apreciar polos datos referidos á evolución (lee os datos estatísticos). En canto falta un profesional aumenta a carga das urxencias, porque se derivan. Pon o exemplo do acaecido en Santiago, onde grazas ás presións no sentido apuntado conseguíuse que aumentaran en 10 a dotación de médicos e en 11 as de ATS. Aclara que en ningún caso procede con acritude nin moito menos está en contra da Comisión de Servizos da médica titular; insiste en que a única pretensión é evitar que chegue a amortizarse a praza, porque é ben sabido como respira a Administración.

O Sr. Pensado salienta que en comparación coa contorna, Palas é privilexiada no eido sanitario e ten unha dotación de recursos notable. Reitera o seu voto negativo

Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 Lugo. Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: 43ND5CC9MNTL19KLCGWWGZ39 | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 11



Concello de Palas de Rei

polos argumentos que xa se expresaron e pensa que esta Moción pode supoñer indirectamente un recorte do que xa se ten na actualidade.

O Sr. Rouco mantén o seu voto positivo, porque son obvios os riscos de recorte a que está sometido o emprego público.

O Presidente somete a Moción a votación dos asistentes, co seguinte resultado:

Votos a favor: 3 (PSOE)

Votos en contra: 4 (PP)

Abstencións: 0

Consecuentemente, o Presidente declara desbotada a Moción por maioría dos asistentes.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Aprobación de Decretos

O Sr. Alcalde afirma que todos os concelleiros que o estimaron oportuno tiveron acceso ós decretos en tempo e forma.

Dende o 487/2019 ata o 043/2020.

Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 Lugo. Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: 43ND5CC9MNTL9KLCGWWGZ39 | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 11



Concello de Palas de Rei

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Rogos e Preguntas

Antes de entrar na exposición das preguntas e rogos que desexen formular os asistentes, previa autorización da palabra polo Presidente, o concelleiro Fernando Pensado desexa felicitar expresa e publicamente ao Sr. Alcalde polos últimos asfaltados de camiños.

O Sr. Rouco formular un rogo, consistente en que se tome en consideración a incorporación aos plans de obras das que atinxen á iluminación pública desde a estación de servizo ata a Cooperativa,

O Alcalde comprométese a incorporar esta actuación en canto sexa posible.

Non habendo mais asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, rematando o acto á hora e na data que se expresan no encabezamento. Do que eu, Secretario, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 Lugo. Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: 43ND5CC9MN7L19KLCGWWGGZ39 | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 11